

Resolución reitoral pola que se publica a listaxe definitiva de deportistas seleccionados e listaxe de agarda nas axudas para o apoio a deportistas universitarios/as de elite na Universidade de Vigo no curso 2025/2026.

De conformidade co establecido no punto 6 do anexo I da Resolución reitoral do 17 de setembro de 2025 no que se regulan as bases da convocatoria das *axudas para o apoio a deportistas universitarios/as de elite na Universidade de Vigo no curso 2025/2026*, unha vez rematado o proceso de selección segundo os criterios establecidos na convocatoria,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Publicar a **listaxe definitiva** de deportistas con bolsa concedida e contía (anexo I).
2. Publicar a **listaxe de agarda** (anexo II).

Segundo se recolle no punto 8 da convocatoria son obrigas das persoas beneficiarias:

1. Colaborar activamente coa Área de Benestar, Saúde e Deporte na promoción e desenvolvemento dun estilo de vida activo e saudable.
2. Representar a Universidade de Vigo nos Campionatos de España Universitarios 2026 en caso de serlle requirido.
3. Realizar as actividades previstas no proxecto de preparación presentado.
4. Achegar á Área de Benestar, Saúde e Deporte antes de que finalice o curso académico unha **memoria** que recolla os contidos da preparación para a competición obxecto do proxecto e o resultado acadado na mesma. No caso de imposibilidade de participación no evento deportivo xunto coa memoria presentárase un informe federativo que reflicta os motivos da non asistencia.

Ademais deben de cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da Lei 38/2013 de 17 de novembro, xeral de subvencións, que lle sexan de aplicación.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data de sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 31/10/2023 (DOG 10/11/2023)

A vicerreitora de Extesión Universitaria

Susana María Reboreda Morillo



ANEXO I
LISTAXE DEFINITIVA DE DEPORTISTAS SELECCIONADOS

Apellido1	Apellido2	Nome	Puntuación total	Contía
Álvarez	Yates	Tania	90	1.500€
Graña	Alonso	Pablo	90	1.500€

Contía total adxudicada: 3.000€

ANEXO II
LISTAXE DE AGARDA

Apellido1	Apellido2	Nome	Puntuación total
Rodríguez	Huertas	Uxía	72,22
Fernández	Vázquez	Daniel	65,56
Davila	Domínguez	Adrián	58,33
Domínguez	Figuerola	Mauro	52,22
Lata	Cagiao	Irene	52,22
Gayoso	Vázquez	Daniel	31,11
Navarro	Losada	Sergi	28,89

